

EN VÍDEO



Juan Rodríguez Tumbeiro e os seus pais, María Dolores e José Luis, os tres socios de Casa Xan



Casa Xan SC, dous anos de muxido robotizado con GEA

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar o robot?

Traballabamos nunha sala de muxido en espiña de peixe con medidores volumétricos e sete puntos de cada lado.

Por que decidiron pasarse ao robot?

Máis que nada pola comodidade e por ter máis tempo para dedicarlle ao resto das tarefas que implica a xestión da explotación.

Cando o instalaron?

O pasado 27 de novembro fixo dous anos que empezamos a muxir no robot.

Como planificaron o proceso de cambio?

Xa antes de ter o robot, fomos decantándonos por touros que transmitisen boa posición de ubres, dos tetos e velocidade de muxido alta, pois moita da capacidade dos robots depende deses parámetros.

Dous meses antes de comezar a traballar con el, no mes de setembro, empezamos o adestramento das vacas co penso. Pasaron todo ese tempo entrando no robot só a comer penso e despois fomos meténdoas para o muxido pouco a pouco.

Os primeiros dous días muximos con ambos os sistemas, unha metade na sala e a outra metade no robot, para que non se nos fixese moito traballo, pois aínda que arrancamos co robot con bastantes vacas, non queriamos que viñesen todas xuntas porque sería moito estrés. O proceso foi bastante ben, de feito só nos quedamos no establo dúas noites.

O esencial é alongar o adestramento co penso o máximo tempo posible. As vacas son animais moi rutineiros, entón

canto máis tempo lle dediquemos ao adestramento, máis fácil será o paso da sala ao muxido robotizado. Pouco a pouco fóronse adaptando.

Que diferenzas notaron co cambio?

Aumentamos moito en produción, pois na sala tiñamos unha media de 33 litros por vaca e día e agora logramos chegar aos 38.

En canto ao recuento de células somáticas tamén melloramos moito, antes aproximabámonos de media sempre ás 150.000 cél./ml e agora podemos falar dunha media de

Explotación: Casa Xan SC

Localización: Chantada (Lugo)

Vacas en total: 120

Vacas en muxidura: 60

Media de número de muxidos: 3

Media de produción: 38,5

litros/vaca/día

Graxa: 4,00 %

Proteína: 3,30 %

RCS: 100.000 cél./ml

100.000 cél./ml, mesmo neste último mes e medio estamos por debaixo das 100.000, dá gusto. Isto foinos posible grazas a que co robot temos a opción de separar o leite por cuartos e, por exemplo, algunha vaca que temos crónica xa a temos seleccionada para que o leite do cuarto pertinente se aparte. Ademais, elas están moitísimo máis tranquilas. Antes escapaban e agora podes andar ao lado delas que son completamente diferentes.

Que beneficios lles achegou no día a día da granxa?

De traballar na sala a contar con este sistema, todo é completamente diferente. Nótase moito na comodidade. Meu pai padecía moito dos brazos do labor que facía na sala e iso pasoulle completamente. Ademais, contamos con moito máis tempo libre. Podes marchar a unha festa e vir cando poidas.

Os principios son complicados, pero o esforzo que fas ao inicio compénsache moito co tempo. Non o cambiamos por nada, logras un confort absoluto.

Ofréceche moitos datos que antes non tiñas e anticipase moito antes aos problemas. Cada día cando chego á granxa miro a saúde de ubre, se teñen mamites, as vacas que poidan estar atrasadas, os celos e a súa alimentación.

Adoitamos ter tan só dous ou tres animais atrasados, pero son sempre os mesmos, vacas que nunca entraron, que por moito que lles fagas, hai que estar a diario insistindo. Por outro lado, as xovencas necesitan que ao principio as acostumemos a pasar polo robot, pero cuns 15 ou 20 días van coma tiros, perfectas.

Teñen algún equipo máis GEA?

Xa antes de instalar o robot, contabamos co tanque GEA TCool de 6.000 litros. Está preparado cun motor eficiente para que aforre enerxía e comandado co robot para que, segundo lle vaia entrando o leite, manteña o consumo enerxético e non haxa picos elevados.

Co robot, tamén incorporamos á granxa os colares CowScout e o arrimador FROne, que arrima a comida cada dúas horas desde as 14:00 h da tarde ata as 8:00 h da mañá.

Ademais, para a preselección apostamos polo sistema de cancelas, non polo de preselección automática. Así temos dúas portas que subimos e baixamos e que nos facilitan encerrar nun espazo as vacas con atrasos para que teñan que saír polo robot si ou si. Non lles enredamos moito o tráfico e para elas é moito máis fácil.

En canto á postselección temos a opción de sistema automático ou manual. Poden ter a opción de ir cara ao rabaño, de vir de fronte, se están en celo, ou de continuar por un corredor para un espazo de cama quente.

De cara ao futuro, pensan en crecer?

A primeira fase deste estable ten 30 anos, fíxose unha ampliación en 2006 e despois o engadido para o robot. É certo que o robot de muxido se pode adaptar a unha granxa antiga perfectamente. Esta nave está bastante xusta para crecer, entón haberá que ir tirando así.

“O ESFORZO QUE FAS AO INICIO COMPÉNSACHE MOITO CO TEMPO”



Juan utiliza cada día o programa FarmView para o control e a xestión do rabaño



Tanque TCool de 6.000 litros



Arrimador de comida FROne